



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL DODRO

Prórroga orzamento xeral 2023 para 2024

ANUNCIO

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 749/2023 do 29/12/2023 adoptáronse os seguintes acordos:

“Primeiro.- Prorrogar os créditos iniciais do estado de gastos consignados no orzamento 2023 ao 2024 cos axustes á baixa contemplados no informe de Secretaría-intervención, así como as previsións de ingreso contempladas no estado de ingresos para o referido exercicio, de acordo co seguinte detalle:

ORZAMENTO 2023			ORZAMENTO PRORROGADO PARA 2024	
Cap.	GASTOS	INGRESOS	GASTOS	INGRESOS
1	1.016.562,63	423.500,85	1.016.562,63	423.500,85
2	1.248.605,20	60.000,00	1.248.605,20	60.000,00
3	1.000,00	453.409,85	1.000,00	453.409,85
4	120.479,60	1.508.268,32	110.379,60	1.508.268,32
5	0,00	0,00	0,00	0,00
6	347.364,10	40.000,00	58.586,51	40.000,00
7		248.832,51		248.832,51
8				
9				
Total	2.734.011,53	2.734.011,53	2.435.133,94	2.734.011,53

Segundo.- Declarar non prorrogables os seguintes créditos:

1.- Os correspondentes ás subvencións nominativas do capítulo 4 e que son os seguintes:

BENEFICIARIO	NIF	IMPORTE	ÁREA	APLICACIÓN
C.D. DODRO	G15789266	3.000,00 €	DEPORTES	3410.48900
AMIPA	G15611536	500,00 €	S.SOCIAIS	2310.48000
ANDAINA	G70264999	500,00 €	S.SOCIAIS	2310.48000
SHELIA AGRASAR RODRÍGUEZ	***4203**	300,00 €	DEPORTES	3410.48900
NOA RUZO BOGA	***7069**	300,00 €	DEPORTES	3410.48900
CRA DODRO	Q1500306D	1.000,00 €	EDUCACIÓN	3230.48900
ASOCIACIÓN AMIGOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO DO BARBANZA E SAR "A ORIXE"	G70579248	1150	SERVIZOS XERAIS	920.48000
FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO,	G15040850	1000	CULTURA	334.48003
CLUBE CICLISTA PADRONÉS	G15031719	1200	SERVIZOS XERAIS	920.48000
CÁRITAS PARROQUIAL DE DODRO	R1500053B	1150	SERVIZOS XERAIS	920.48000

2.- Os créditos correspondentes ao Anexo de Investimentos dentro do Capítulo 6 (investimentos).

3.- Os créditos do capítulos 7 (subvencións de capital).

Terceiro.- En tanto non se aprobe definitivamente o Orzamento para o exercicio 2024, o Orzamento prorrogado do 2023 poderá ser obxecto de calquera das modificacións orzamentarias previstas no Real Decreto 2/2004, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, de acordo co disposto no artigo 21 do Real Decreto 500/90.

As modificacións e axustes efectuados sobre o orzamento prorrogado entenderanse feitas sobre o orzamento definitivo, salvo que o Pleno dispoña no propio acordo de aprobación deste último, que determinadas modificacións ou axustes se consideran incluídas nos créditos iniciais, en cuxo caso deberán anularse os mesmos.

Aprobado o orzamento definitivo, deberán efectuarse os axustes necesarios para dar cobertura, no seu caso, ás operacións efectuadas durante a vixencia do orzamento prorrogado”.

Contra a resolución poderanse formular os seguintes RECURSOS:

Interpor o recurso potestativo de reposición perante o alcalde-presidente, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación.

Interpor directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación, de conformidade co establecido no art. 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xuño, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Non obstante, poderá exercitar calquera outro recurso que estime pertinente, así como exercer as acción que procedan ante a xurisdición competente.

Dodro, 4 de xaneiro de 2024

O alcalde,

Francisco Xabier Castro Tourís

2024/64